

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA**

*RESOLUCIÓN do 28 de marzo de 2019 pola que se ordena a publicación do Convenio de adhesión á Axencia de Protección da legalidade Urbanística do Concello de Bergondo.*

O día 28 de febreiro de 2019 a Axencia e o Concello de Bergondo asinaron o Convenio de adhesión dese concello á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

De conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, dispoño a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019

José Antonio Cerdeira Pérez  
Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

**Convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística**

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019.

Interveñen:

Dunha parte, Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa do Concello de Bergondo, provincia da Coruña, en representación do Concello, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Expoñen:

Primeiro. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG, en diante), no seu artigo 10, establece que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento



propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Así mesmo, establece que son membros da Axencia a Administración autonómica e os municipios que, voluntariamente, se integren nela. A incorporación dos municipios realizárase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a aprobación previa do Pleno da Corporación e da persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación, e será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

Os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística foron aprobados polo Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e publicados no *Diario Oficial de Galicia* núm. 222, do 16 de novembro.

Segundo. O Concello ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 151 e seguintes da LSG.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 10, determina que a Administración local e as demais administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos e que procederá á coordinación das competencias das entidades locais entre si e, especialmente, coas das restantes administracións públicas, cando as actividades ou os servizos locais transcendan o interese propio das correspondentes entidades, incidan ou condicionen relevantemente os das ditas Administracións ou sexan concorrentes ou complementarios dos destas.

O texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, no seu artigo 69, establece que as competencias compartidas ou concorrentes poderán ser exercidas conxuntamente pola administración do Estado ou da Comunidade Autónoma e a Local, mediante a constitución de entes instrumentais de carácter público ou privado.

Terceiro. En virtude do establecido no artigo 10 da LSG, a Axencia exercerá as competencias que lle sexan delegadas polos concellos consorciados.

Neste senso, o artigo 9 dos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, dispón que a adhesión necesariamente producirá a atribu-



ción á Axencia das competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que correspondan ao municipio integrado voluntariamente na Axencia, nos supostos que determine a Lei urbanística autonómica, segundo se estableza no convenio de adhesión.

Cuarto. Este convenio de adhesión obtivo a autorización previa do Pleno da Corporación municipal en sesión que tivo lugar o 25 de outubro de 2018, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 10 da LSG, e no artigo 215.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Así mesmo, obtivo a aprobación da persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, do 28 de febreiro de 2019, de conformidade co disposto no artigo 10 da LSG.

Os intervinientes recoñecen mutua capacidade para o outorgamento do presente convenio de adhesión, de conformidade coas seguintes

Estipulacións:

Primeira. *Incorporación á Axencia*

O Concello de Bergondo, na provincia da Coruña, incorpórase e adhírese como membro da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, asumindo os dereitos e obrigacións que disto derivan, de conformidade co estipulado no presente convenio de adhesión e o establecido nos estatutos da Axencia, aprobados por Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e na Lei do solo de Galicia.

Segunda. *Delegación de competencias*

1. O Concello de Bergondo delega na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística establecidas nos artigos 151 e seguintes da LSG, en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunha das seguintes clases de solo:

a) Solo rústico ou non urbanizable en calquera das súas categorías (artigos 31 e seguintes da LSG e disposición transitoria primeira da LSG).



b) Solo urbanizable ou apto para urbanizar, mentres non sexa aprobado o correspondente planeamento de desenvolvemento (artigo 27 e disposición transitoria primeira da LSG).

c) E núcleos rurais delimitados no planeamento urbanístico municipal (artigo 23 e disposición transitoria primeira da LSG).

A Axencia exercerá efectivamente estas competencias desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Nesta delegación de competencias non está incluída a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo Concello.

3. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados pola Axencia, en exercicio de competencias delegadas, corresponderalle igualmente á Axencia, logo do informe do Concello, que deberá emitirse no prazo máximo dun mes. Transcorrido este, continuarase coa tramitación do recurso.

4. A delegación de competencias poderá ser revogada en calquera momento polo Pleno da Corporación, coa maioría exixida no artigo 215.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. A revogación será efectiva unha vez comunicada á Dirección da Axencia e publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Terceira. *Réxime económico*

1. O réxime económico do presente convenio establece coas seguintes condicións:

a) O Concello contribuirá ao sostemento da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística cunha achega de 1.700 euros (50 euros por cada núcleo rural delimitado) que será transferida polo Concello á conta xeral da Axencia antes de enviar ao *Diario Oficial de Galicia* o anuncio de publicación do convenio.

b) A Axencia transferirá ao concello o 10 % do produto das multas coercitivas e sancións, e como máximo, trinta mil euros anuais, efectivamente recadadas pola Axencia no termo municipal de Bergondo;

2. O importe das multas coercitivas e das sancións impostas pola Axencia, en exercicio de competencias delegadas polo concello, serán ingresadas polos suxeitos obrigados di-



rectamente na conta xeral da Axencia. No suposto de que non sexan aboadas en período voluntario, a Axencia solicitará da Consellería de Facenda o seu cobramento pola vía de constrinximento.

Ao finalizar cada exercicio anual, a Axencia transferirá ao Concello unha cantidade equivalente ao 10 % dos ingresos percibidos, e como máximo, trinta mil euros anuais, polas multas coercitivas e sancións recadadas no seu termo municipal.

Este modelo de financiamento será de aplicación ás multas coercitivas e sancións impostas a partir da entrada en vigor do Convenio, sen afectar as multas e sancións impostas en períodos anteriores, aínda que se recaden unha vez entre en vigor o Convenio.

#### *Cuarta. Obrigacións asumidas polo Concello*

O Concello de Bergondo asume as seguintes obrigacións:

a) Prestar a cooperación e asistencia activa que a Axencia lle solicite para o eficaz exercicio das súas competencias.

b) Facilitarlle ao persoal da Axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións.

c) Cando os concellos adheridos remitan denuncias por obras e usos do solo sen licenza ou sen axustarse ás súas determinacións deberán achegar un informe técnico con contido suficiente para a incoación dos expedientes administrativos que procedan. En todo caso, e como mínimo, deberán identificarse as persoas responsables da actuación inspeccionada, as obras obxecto de expediente, así como os incumprimentos da normativa urbanística.

d) Prestar o auxilio da policía local para facilitar as inspeccións, executar as ordes de precinto de obras e identificar os responsables de posibles infraccións.

e) Absterse de outorgar licenzas urbanísticas que impliquen a legalización de obras e usos do solo respecto dos cales a Axencia ordenase a súa demolición, cesamento ou restauración da realidade física alterada.

f) Emitir informe previo á resolución dos recursos interpostos contra actos ditados pola Axencia en exercicio de competencias delegadas, no prazo máximo dun mes. Transcorrido o cal continuarase coa tramitación do recurso.



g) Contribuír ao sostemento económico da Axencia nos termos establecidos no presente convenio de adhesión.

h) Respetar as estipulacións do presente convenio e o establecido nos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro.

*Quinta. Programa de incorporación*

A incorporación do Concello á Axencia será efectiva desde o día seguinte ao de publicación deste convenio no *Diario Oficial de Galicia*.

Os expedientes relativos ás obras en execución nas materias que son obxecto de delegación deberán ser remitidos á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no prazo dun mes desde a data de entrada en vigor deste convenio.

*Sexta. Prazo de vixencia do convenio*

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e o seu prazo de vixencia será indefinido.

A resolución do presente convenio producirase no suposto de que o Concello de Bergondo perda a condición de membro da Axencia por calquera das causas que se establecen no artigo 12 dos estatutos da Axencia e cos efectos que o mesmo artigo dispón.

*Sétima. Interpretación do convenio*

As controversias que puidesen xurdir na interpretación do presente convenio e a súa aplicación serán resoltas polo Consello Executivo da Axencia, de conformidade co disposto no artigo 10 dos estatutos da Axencia, aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro.

E para que así conste, asinan o presente convenio de adhesión, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

